



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dioruna.es

---

### **SESION PLENARIA ORDINARIA**

#### **DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2015.**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.10 horas do día 16 de decembro de 2015; a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D<sup>a</sup>. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. José María Pérez Lagos, D<sup>a</sup>. Nelly Iglesias Rey, D<sup>a</sup> Lorena Suárez Pardo; coa ausencia de D. Juan Carlos Portos Bra, baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Carmen Gómez Otero.

#### **ORDE DO DÍA.**

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Os señores concelleiros declaran coñecer e aprobar o contido da acta da sesión anterior.

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2016.-**

Polo Sr. Alcalde procédese á lectura do escrito do grupo municipal do BNG presentado neste Concello no que facían as súas propostas en relación ás obras do POS 2016. A continuación polo Alcalde procédese á descrición pormenorizada de cada unha das obras propostas polo equipo de Goberno. Continúa o Sr. Alcalde explicando como vai a tratar de incluír as propostas do grupo municipal do BNG que non se puideron incluír neste POS. Afirma o Sr. Alcalde que algúns deste investimentos incluso poderán propoñerse no PEIM, noutras subvencións e incluso con medios propios.

A continuación o Sr. Alcalde dá lectura á proposta da Alcaldía- Presidencia co teor literal seguinte:

“ (...)

**PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 16/12/2015 SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2016**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña para elaborar o Plan de obras e servizos 2016.e vista a súa dación de conta na XGL de data 21-10-2015 nos termos seguintes “ (...) 2.1.7. COMUNICACIÓN TELEMÁTICA DA APROBACIÓN POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA DAS BASES REGULADORAS DO POS E DO PAS.-Pola secretaria dáse conta das comunicación telemáticas enviadas a través da plataforma da Deputación de A Coruña, de aprobación das Bases reguladoras do POS 2015.- Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, e do PAS 2015.- Plan de acción social.(...

Redactados en Decembro 2015 polo enxeñeiro de camiños D. Gilberto Rodríguez Rodríguez colexiado nº 8467 os seguintes proxectos:

“ Mellora de camiños nas parroquias de Gafoi, Ledoira e Añá (Concello de Frades)”, cun presuposto de execución por contrata de 65.473,35 €.

“ Mellora de camiños de Ledoira a Ponte Brates (Añá), e de Abellá a Caboladrón (Mesos)”, cun presuposto de execución por contrata de 91.531,83 €.

Vistos os informes técnicos que constan no expediente.

Propoño que o Pleno acorde:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu aso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

### A ) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de camiños nas parroquias de Gafoi, Ledoira e Añá (Concello de Frades)	65.473,35	0,00	65.473,35



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Coruña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

“ Mellora de camiños de Ledoira a Ponte Brates (Añá), e de Abellá a Caboladrón (Mesos)”	91.531,83	0,00	91.531,83
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	157.005,18	0,00	157.005,18

Aprobar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	37.636,90
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	37.636,90

### C ) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	157.005,18	0,00	157.005,18
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	37.636,90		37.636,90
<b>T O T A L</b>	194.642,08		194.642,08

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e non necesita autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Frades, 10 de decembro de 2015

O Alcalde

Asdo.- Roberto Rey Martínez (...)

O Sr. Alcalde concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos, que intervén para dar as grazas por ter en conta as propostas do BNG, e afirma que o importante é que se leven a cabo, non importa o canle. Solicita que se repare o tema de Ponte Raselo, e que se actúe con maior eficacia na pista de Caboladrón.

Sen máis intervencións, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, acórdase:

1.- “Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

### A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de camiños nas parroquias de Gafoi, Ledoira e Añá (Concello de Frades)	65.473,35	0,00	65.473,35



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

“ Mellora de camiños de Ledoira a Ponte Brates (Añá), e de Abellá a Caboladrón (Mesos)”	91.531,83	0,00	91.531,83
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	157.005,18	0,00	157.005,18

Aprobar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	37.636,90
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	37.636,90

### C ) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	157.005,18	0,00	157.005,18
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	37.636,90	0,00	37.636,90
<b>TOTAL</b>	194.642,08	0,00	194.642,08

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e non necesita autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

- 3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.
- 4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.
- 5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 6.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

### 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.-

Polo Sr. Alcalde- Presidente procédese a dar lectura ás Bases do PAS 2015.

O Sr. Alcalde concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos, que explica que nun primeiro momento presentou por rexistro de entrada do Concello unha proposta que logo rectificou porque informouse mellor na Deputación sobre as posibilidades do PAS, e explica todos e cada un dos investimentos que propuxo nos escritos presentados no Concello.

A continuación o Sr. Alcalde dá lectura á proposta da Alcaldía- Presidencia, co teor literal seguinte:

“ (...) **PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 16/12/2015 SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015**”

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña para elaborar o Plan de obras e servizos 2016.e vista a súa dación de conta na XGL de data 21-10-2015 nos termos seguintes “(...) **2.1.7. COMUNICACIÓN TELEMÁTICA DA APROBACIÓN POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA DAS BASES REGULADORAS DO POS E DO PAS.- Pola secretaria dáse conta das comunicación telemáticas enviadas a través da plataforma da Deputación de A Coruña, de aprobación das Bases reguladoras do POS 2015.- Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, e do PAS 2015.- Plan de acción social.(...).**”

Redactados en novembro 2015 polo enxeñeiro de camiños D. Julio Rojo Martínez colexiado nº 3.871, e pola arquitecta Mari Carmen Novoa Sío, colexiada nº 3.831, os seguintes proxectos respectivamente:



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

“Acceso á Area Recreativa das Virtudes (Vitre), e outros”, cun presuposto de execución por contrata de 75.350,96 €.

“Melloras na rede de abastecemento de auga de Frades no lugar de Aiazo e outros”, cun presuposto de execución por contrata de 70.544,42 €.

“Accesos a Tarrío (Papucín) e outros”, cun presuposto de execución por contrata de 35.623,99 €.

“Acondicionamento exterior de locais sociais en Pontecarreira e outros”, cun presuposto de execución por contrata de 83.901,65 €.

Vistos os informes técnicos que constan no expediente

Propoño ao Pleno acorde:

1.- Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

### A ) Inversións financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
“Acceso á Area Recreativa das Virtudes (Vitre), e outros”	75.350,96	0,00	75.350,96
“Acondicionamento exterior de locais sociais en Ponte Carreira e outros”	83.901,65	0,00	83.901,65
<b>SUBTOTAL INVERSIONS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	159.252,61	0,00	159.252,61

### B ) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
“Accesos a Tarrío (Papucín) e outros”	35.623,99	0,00	35.623,99



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

“Melloras na rede de abastecemento de auga de Frades no lugar de Aiazo e outros”	70.544,42	0,00	70.544,42
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	<b>106.168,41</b>	<b>0,00</b>	<b>106.168,41</b>

### C ) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL (60%)</b>	159.252,61	0,00	159.252,61
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS (40%)</b>	106.168,41	0,00	106.168,41
<b>T O T A L</b>	<b>265.421,02</b>	<b>0,00</b>	<b>265.421,02</b>

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e está a tramitar autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.

3.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Frades, 10 de decembro de 2015





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

O Alcalde,

Asdo.- Roberto Rey Martínez (...)"

A continuación polo Sr. Alcalde procédese á descrición pormenorizada de cada unha das obras propostas polo equipo de Goberno. O Sr. Alcalde afirma que moitas das demandas xa están incluídas nos proxectos do PAS, e que antes existía en lugar do PAS, o DTC, que era máis aberto e non condicionado a investimentos de carácter social.

A continuación, concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos, que sinala que “ Paréceme que perdedes unha oportunidade de investir ben os cartos no multiusos e entendo que o pintado da Escola de Abellá e no Concello non é necesario, porque pintar locais sociais non é rentable. Antes de votar, dicir que somos partidarios do centro de maiores, e que é un ben social e necesario que se leve a auga ás vivendas.

Sen máis intervencións, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, acórdase:

1.- Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

### A ) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
“Acceso á Area Recreativa das Virtudes (Vitre), e outros”	75.350,96	0,00	75.350,96
“Acondicionamento exterior de locais sociais en Ponte Carreira e outros”	83.901,65	0,00	83.901,65
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	159.252,61	0,00	159.252,61

### B ) Outros investimentos financeiramente sostibles:



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
“Accesos a Tarrío (Papucín) e outros”	35.623,99	0,00	35.623,99
“Melloras na rede de abastecemento de auga de Frades no lugar de Aiazo e outros”	70.544,42	0,00	70.544,42
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	<b>106.168,41</b>	<b>0,00</b>	<b>106.168,41</b>

### C ) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>159.252,61</b>	<b>0,00</b>	<b>159.252,61</b>
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>	<b>106.168,41</b>	<b>0,00</b>	<b>106.168,41</b>
<b>T O T A L</b>	<b>265.421,02</b>	<b>0,00</b>	<b>265.421,02</b>

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e está a tramitar autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.

3.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

### **4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A FIXACIÓN DO NIVEL E COMPLEMENTO ESPECÍFICO DO POSTO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DESTE CONCELLO.**

Pola Alcaldía- Presidencia dáse lectura da proposta da Alcaldía sobre a fixación do nivel e complemento específico do posto de Secretaría- Intervención deste Concello co teor literal seguinte:

#### **“ (...) PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL ORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 16/12/2015 EN RELACION COA FIXACIÓN DO NIVEL E DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO DO POSTO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN.**

A Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), regula os dereitos retributivos dos funcionarios, e o complemento específico encádrase dentro do grupo das retribucións complementarias; respecto das cales, o artigo 24, establece que a súa contía e estrutura estableceranse polas correspondentes Leis de cada Administración Pública, aínda que o propio artigo fixa os límites que o seu establecemento debe respectar.

Respecto ao complemento específico, o artigo 4 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, establece:

«1. O complemento específico está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigo ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo, aínda que ao fixalo poderán tomarse en consideración conxuntamente dúas ou máis das condicións particulares mencionadas que poidan concorrer nun posto de traballo.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraedes.dicoruna.es

---

2. O establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación efectúese unha valoración do posto de traballo atendendo ás circunstancias expresadas no número 1 deste artigo.

3. Efectuada a valoración, o Pleno da Corporación, ao aprobar a relación de postos de traballo, determinará aqueles a os que corresponde un complemento específico, sinalando a súa respectiva contía.

4. A cantidade global destinada á asignación de complementos específicos figurará no orzamento e non poderá exceder do límite máximo expresado no artigo 7.2,a), desta norma.»

De acordo co precepto transcrito a modificación do complemento específico esixe a valoración dos postos de traballo e, por tanto, a modificación do mesmo, esixen unha nova valoración da Relación de Postos de Traballo. Así as Sentenzas do Tribunal Supremos 21 de setembro de 1997 e 01 de xullo de 1994: Unha vez fixado o complemento específico, a súa modificación só pode producirse por unha nova reclasificación do posto ou por alteración das funcións.

Respecto da posibilidade de modificar á baixa o complemento específico, cabe sinalar que o artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local dispón que:

«O goce das retribucións complementarias non creará dereitos adquiridos en favor dos funcionarios, salvo o establecido Legalmente respecto do grao consolidado en relación co nivel de complemento de destino».

Por iso, un funcionario que cobraba un complemento específico determinado pode ver reducida a súa contía, se se produce un cambio nas súas funcións, xa que devandito complemento non ten o carácter de consolidable.

O complemento específico está desvinculado do Corpo ou Escala de procedencia do funcionario e vinculado exclusivamente á calidade e circunstancias do posto de traballo ao que se asigna, en función da súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade ou perigo ou penosidade.

Os citados factores a ter en conta para a fixación do complemento específico integran conceptos Xurídicos indeterminados que, en canto tales, teñen natureza regulada.

Por todo o exposto, e dado que o complemento específico non se consolida, conforme ao artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, xa que se vincula exclusivamente á calidade e circunstancias do posto de traballo ao que se asigna, en función



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

da súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade ou perigo ou penosidade, logo de ver que os Concellos colindantes, para o posto de secretaria-intervención, que desempeña funcións moi similares, senón iguais ás do posto de secretaria-intervención en Frades, asignan a este posto un complemento específico e de destino menor.

Logo de facer un estudo pormenorizado nestes tres meses (dende a última redución do complemento específico), doutros Concellos desta Comunidade Autónoma de características similares tanto a nivel administrativo como económico (orzamento anual, poboación, situación xeográfica, persoal...).

Logo de ver a “Memoria valoración posto Secretaría-Intervención-Tesourería e concreción dos méritos”, propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Fixación do nivel (complemento de destino) do posto de secretaria-intervención deste Concello no 26.

**SEGUNDO.-** Fixación do complemento específico que se conterà nas Bases reguladoras do concurso ordinario do posto de secretaria- intervención deste Concello, respetando os tramos acordados no acordo Plenario de data 11/09/2015, o complemento específico quedaría fixado en **8.526 euros/ano**.

**TERCEIRO.-** Comunicar a adopción deste acordo ás Administracións correspondentes. (...).”

Tralas consideracións oportunas, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, acórdase:

**PRIMEIRO.-** Fixación do nivel (complemento de destino) do posto de secretaria-intervención deste Concello no 26.

**SEGUNDO.-** Fixación do complemento específico que se conterà nas Bases reguladoras do concurso ordinario do posto de secretaria- intervención deste Concello, respetando os tramos acordados no acordo Plenario de data 11/09/2015, o complemento específico quedaría fixado en **8.526 euros/ano**.

**TERCEIRO.-** Comunicar a adopción deste acordo ás Administracións correspondentes.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### **5.- APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE REXERÁ O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE FRADES (A CORUÑA).**

Pola Alcaldía- Presidencia dáse lectura á proposta da Alcaldía para a aprobación das Bases Específicas polas que se rexerá o concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de Secretaría- Intervención do Concello de Frades (A Coruña):

“(…) Logo de ver que o Concello de Frades ten vacante o posto reservado á subescala de Secretaría-Intervención, e que se atopa actualmente desempeñándose mediante nomeamento provisional, sendo necesario, incluír o dito posto no concurso ordinario 2016 en aras á súa cobertura definitiva.

En base ás atribucións conferidas pola Lei de Bases de Réxime Local,

Logo de ver a brevidade dos prazos, sobre todo polo que se refire á publicación das convocatorias no Diario Oficial de Galicia, que fai recomendable propor aos Concellos que os méritos específicos (que forman parte integrante da relación de postos de traballo da entidade local correspondente, e cuxa aprobación corresponde ao Pleno do Concello segundo establece o artigo 22.2 i) da Lei 7/1.985 de 2 de abril, en relación co establecido no artigo 5º do Real Decreto 834/2003 de 27 de xuño), estean aprobadas definitivamente antes de finalizar o mes de decembro do ano 2015, e que estas xunto á convocatoria do concurso , que é competencia do Alcalde, deberán remitirse á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia

**PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

Primeiro.- A aprobación das seguintes:

**BASES ESPECÍFICAS POR LAS QUE SE REGIRÁ EL CONCURSO PARA LA PROVISIÓN DEL PUESTO DE TRABAJO DE SECRETARÍA-. INTERVENCIÓN DEL AYUNTAMIENTO DE FRADES (A CORUÑA).**

Entidad: Frades

Provincia: A Coruña

Denominación y clase del puesto: Secretaría- Intervención del Ayuntamiento de Frades

Subescala y categoría: Secretaría- Intervención

Población a 31/12/2014: 2.509 habitantes

Nivel de complemento de destino: 26



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

---

Complemento específico 8526 euros/año

\* Baremo de méritos específicos.

A) Servicios prestados: máximo 1,5 puntos.

Servicios prestados como máximo responsable en la gestión y/o dirección en todos y cada uno de los siguientes ámbitos de competencia: Contratación, Hacienda, Informática y Presupuestos, en Ayuntamientos del territorio de la Comunidad Autónoma gallega que gestionen directamente sus ingresos, esto es, que no tengan delegada ni la gestión, ni la inspección ni la recaudación, sin perjuicio de alguna delegación específica para un ingreso concreto.

Se valorará con 1,5 puntos los servicios prestados como mínimo durante un año en todos y cada uno de los ámbitos de competencia enunciados en el párrafo anterior.

Justificación de los méritos.-

En un Ayuntamiento como el de Fraades, en el que se dispone de recursos humanos limitados en materias fundamentales como Contratación, Presupuestos y Hacienda (Gestión tributaria, Inspección, Recaudación), las mismas recaen sobre el Secretario- Interventor, debido a la no existencia de técnicos especializados en estas áreas.

Estas materias son fundamentales para el correcto desempeño de la actividad administrativa y al revestir de una especial complejidad tienen que ser asumidas por una persona debidamente cualificada para el desempeño de las mismas.

El artículo 3 del Real Decreto-ley 10/2015, de 11 de septiembre, por el que se conceden créditos extraordinarios y suplementos de crédito en el presupuesto del Estado y se adoptan otras medidas en materia de empleo público y de estímulo a la economía, modifica el apartado 2 del artículo 92 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local. Esta modificación implica que desde la entrada en vigor del Real Decreto-Ley (13 de septiembre de 2015), los funcionarios pertenecientes a la Subescala de Secretaría-intervención tendrán que desempeñar las funciones de contabilidad, tesorería y recaudación.

Por ello, resulta indispensable que se exija como mérito el haber desempeñado puestos de máxima responsabilidad y/o de gestión en ayuntamientos en los que la gestión de ingresos (gestión tributaria, recaudación e inspección) se haya llevado a cabo de forma directa por la entidad, sin externalizarse estos servicios en una empresa externa, ni en el caso de que se hayan asumido tales cometidos por otra administración, como puede ser por las diputaciones.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dioruna.es

---

En materia de contratación resulta necesario acreditar la experiencia por el volumen de contratos que se aprueban cada año, y aquellos que son necesarios licitar para adecuar el Ayuntamiento a los nuevos servicios y necesidades.

En materia de presupuestos resulta fundamental la acreditación de la experiencia para poder ejecutar esta obligación de acuerdo a las directrices y normas impuestas por la Ley y el Ministerio de Administraciones Públicas en cuanto a la elaboración, seguimiento y control del presupuesto anual, cálculo de la regla de gasto, estimación prudente de los ingresos, evaluación de la suficiencia de los ingresos para atender al cumplimiento de las obligaciones exigibles y a los gastos de funcionamiento de los servicios, y en consecuencia el cumplimiento de la nivelación del presupuesto, y remisión de la información en plazo.

En materia de informática es preciso en el Ayuntamiento de Frades tener los conocimientos adecuados para proceder a la implantación del procedimiento electrónico, con firma electrónica. No se requieren solamente conocimientos administrativos sino también informáticos para llevar a cabo su implantación. La Ley 30/1992, de 26 de noviembre, ya fue consciente del impacto de las nuevas tecnologías en las relaciones administrativas, fue la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos, la que les dio carta de naturaleza legal, al establecer el derecho de los ciudadanos a relacionarse electrónicamente con las Administraciones Públicas, así como la obligación de éstas de dotarse de los medios y sistemas necesarios para que ese derecho pudiera ejercerse. Sin embargo, en el entorno actual, la tramitación electrónica no puede ser todavía una forma especial de gestión de los procedimientos sino que debe constituir la actuación habitual de las Administraciones. Porque una Administración sin papel basada en un funcionamiento íntegramente electrónico no sólo sirve mejor a los principios de eficacia y eficiencia, al ahorrar costes a ciudadanos y empresas, sino que también refuerza las garantías de los interesados. En efecto, la constancia de documentos y actuaciones en un archivo electrónico facilita el cumplimiento de las obligaciones de transparencia, pues permite ofrecer información puntual, ágil y actualizada a los interesados., tal y como proclama la nueva Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

### **\*Medios de acreditación de méritos**

Los servicios prestados se acreditarán mediante la presentación de un certificado de servicios prestados expedido por el Ayuntamiento en el que se prestaron los servicios.

Deberá asimismo acreditarse mediante certificado expedido por el secretario, que los servicios prestados fueron en Ayuntamientos de la Comunidad Autónoma Gallega cuya gestión de ingresos se lleve de forma directa por la entidad, esto es, que no tengan delegada





## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

ni la gestión, ni la inspección ni la recaudación, sin perjuicio de alguna delegación específica para un ingreso concreto.

\*No se prevé la realización de entrevista personal.

\*Comisión de valoración:

### Tribunal titular:

Presidente: M<sup>a</sup> Cruz Andrade García, Secretaria del Ayuntamiento de Melide (A Coruña)

Secretario y 1º vocal de la comisión de valoración: Vicente Calvo del Castillo, Tesorero del Ayuntamiento de A Coruña.

2º vocal: Carlos Moure Vieiro, Tesorero del Ayuntamiento de Santiago de Compostela

3º vocal: Maria José Nartallo Penas, Secretaria- Interventora del Ayuntamiento de Trazo (A Coruña).

4º vocal: Ana Beatriz Oveja Villafane, Secretaria- Interventora del Ayuntamiento de Tordoia

### Tribunal suplente:

Presidente: Rosa Losada López, Secretaria del Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa.

Secretaria y 1º vocal de la comisión de valoración: Trinidad Gómez Reiriz, Interventora del Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa.

2º vocal: Mari Carmen Castro Louzao, Tesorera del Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa.

3º vocal: Juan Luis Nuñez Tourís, jefe de servicio de informática del ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa.

4º vocal: Néstor Valcárcel Teijeiro, funcionario subgrupo A1 de la Xunta de Galicia

En lo no previsto en estas bases se aplicará lo dispuesto en el Real Decreto 1732/1994 de 29 de julio, sobre provisión de puestos de trabajo para funcionarios de la Administración Local con habilitación de carácter estatal, así como las normas que lo desarrolla, y a cualquier otra que le sea de aplicación.

Las presentes bases podrán ser impugnadas en la forma y plazos previstos en la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y procedimiento administrativo común.

Frades, 10 de decembro de 2015

O Alcalde- Presidente



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

Roberto Rey Martínez (...)”

Tralas consideracións oportunas, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, acórdase:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as **BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE REXERÁ O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE FRADES (A CORUÑA)**, contidas na proposta da Alcaldía.

**SEGUNDO.-** Comunicar este acordo ás Administracións competentes, e, en todo caso, á Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia, para a súa inclusión na convocatoria do concurso ordinario correspondente ao 2016

### **6.- APROBACIÓN DA PROPOSTA FORMATIVA PARA O CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE CURTIS.-**

O Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PP, D. Manuel Ferreiro Marzoa, que explica previamente para a continuación proceder a dar lectura á proposta da Alcaldía- Presidencia co teor literal seguinte:

#### **“(...) PROPOSTA FORMATIVA PARA O CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE CURTIS.**

Sométese a ditame do Pleno da Corporación a proposta que a continuación se transcribe:

#### **“ANTECEDENTES**

1. A situación da crise actual en Galicia, e especialmente no medio rural require dunha reordenación da oferta educativa que garanta o equilibrio territorial e as oportunidades profesionais da nosa poboación. Esta premisa provocou que no mes de outubro e novembro de 2015 se establecesen varias xuntanzas entre por un lado, os representantes dos concellos de Aranga, Boimorto, Curtis, Frades, Mesía, Sobrado e Vilasantar, concellos aos que o centro de formación profesional de Curtis da servizo. E por outro, a directiva do centro, ANPA, representantes do Concello de Curtis e a orientadora laboral municipal.

2. Acordouse por consenso solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adaptar a oferta formativa do Instituto de Curtis ás demandas do mercado laboral actual. Para o cal, se determinou solicitar os seguintes ciclos formativos:



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- Familia profesional: Servizos Socioculturais e á comunidade: “Atención a persoas en situación de dependencia.”
- Familia profesional: Transporte e mantemento de vehículos: “Carrozaría” e “Electromecánica de maquinaria”

3. Anexo: Proposta formativa para o centro de formación profesional de Curtis.

Por esta alcaldía proponse ao Pleno:

- 1.- Primeiro.- Apoiar a solicitude dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordeación Universitaria.
- 2.- Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde, Roberto Rey Martínez para actuar en nome e representación do Concello de Frades en todas aquelas xestións relacionadas.

Frades, 10 de decembro de 2015

O Alcalde,

Roberto Rey Martínez (...)

Sen máis intervencións, e por unanimidade, o Pleno da Corporación ACORDA:

- 1.- Primeiro.-** Apoiar a solicitude dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordeación Universitaria.
- 2.- Segundo.-** Facultar ao Sr. alcalde, Roberto Rey Martínez para actuar en nome e representación do Concello de Frades en todas aquelas xestións relacionadas.

**7.- MOCIÓNS.-** Non se presentan.

**8.- INFORMES DA ALCALDÍA.-** A continuación o Sr. Alcalde informa dos seguintes asuntos:

### **A) SENTENZA EXPEDIENTE CONTRATO DE OBRAS PARA A DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE EN ABELLÁ.-**

En relación á sentenza do xulgado contencioso-administrativo nº3 de A Coruña, recibida no Concello o 2 de decembro de 2015, con número de rexistro de entrada 1114, pola que se desestima o recurso contencioso- administrativo de lesividade interposto polo Concello de



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Frades, en relación ao expediente do contrato de obras para a distribución da auga potable en Abellá:

A sentenza pon fin a un procedemento iniciado por este concello na xurisdición contencioso-administrativa no que se trataba de aclarar as discrepancias alegadas polo director das obras en relación coas certificacións de obra e a acta de recepción das mesmas.

Dende que se manifestaron estas diferencias tratouse de actuar de xeito obxectivo para poder darlles resposta. Tramitouse no pleno un procedemento de lesividade das certificacións número sete e oito, pero a sentenza recaída entende que o mesmo non era necesario porque as certificacións coinciden coa acta de recepción que no seu día foi asinada polo director das obras, e que o concello non pode reclamar o que no seu día foi aprobado e asinado polo director das obras, e polo propio concello.

Aínda que non estamos de acordo nalgúns puntos, como non pode ser de outra maneira acatamos o contido da sentenza que reafirma a postura do Concello, e entende que en todo momento seguiuuse o trámite administrativo correspondente. Asemade, en relación á devolución do aval a sentenza entende que foi correctamente devolto porque a acta de recepción estaba asinada e non se presentaron reclamacións durante o prado de garantía un ano.

Polo tanto, a sentenza ven a concluír o procedemento e pon fin a tódalas alegacións e informes contraditorios presentados polo director das obras.

### **B) APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE FRADES.-**

### **C) OUTROS INFORMES:**

- En relación á campaña de promoción do leite 100% galego infórmase que colocáronse pancartas e realizáronse calendarios e felicitacións de Nadal.
- En relación co Obradoiro de Emprego Terras de Trastámara, acondicionáronse os baños do local social de Papucín. Acondicionouse o exterior do local social de Ledoira, a piscina, o Campo de Vitre. Falta o exterior do local social de Abellá. O obradoiro remata a finais de Febreiro.
- Dáse conta das actividades de inverno realizadas.
- Rematouse a pista de pádel.
- Rematou a obra da praza do Mercado de Ponte Carreira.
- Adquiríronse dúas desbrozadoras, unha para Frades e outra para Mesía que xa foi entregada.
- Pola Consellería de Medio Ambiente rematáronse as obras no Punto Limpo. O Concello solo puxo os terreos, as obras realizounas a Consellería.
- Dáse conta dos gañadores do concurso de tapas celebrado os días 4,5,e 6 de decembro de 2015. O gañador foi o restaurante Alba (300 euros), e o Vilariño (150 euros).Dáse conta dos sorteos.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

- Dáse conta das actividades de Nadal.
- Dáse conta da reunión mantida na Consellería de Medio Rural.
- A Consellería de Educación e Patrimonio vai a valorar as zonas húmidas do colexio.
- Con respecto ao PXOM, tivemos recentemente unha nova reunión. En breve recibiremos o Informe favorable de Patrimonio, antes de que finalice o ano. Estamos facendo todo o posible para que o Plan se aprobe antes de que entre en vigor a nova Lei.
- Dáse conta da reunión mantida coa Consellería de Servizos Sociais para tratar o tema dun PAI e dun Centro de Día ou Centro Sociocomunitario para o Concello de Frades.

### **9.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se presentan.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde levanta a sesión cando son as 15,45 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE EN FUNCIONS

A SECRETARIA

Asdo.: Manuel Ferreiro Marzoa

Asdo.: Carmen Gómez Otero